



Galicia

**GALICIA**  
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 684 Semana do 27 de xuño ao 3 de xullo de 2016

## UGT RECLAMA POLÍTICAS DE CAMBIO E PROGRESO

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores celebrou este martes o seu Consello Confederal, o primeiro tras o 42º Congreso Confederal da organización e todos os congresos sectoriais e territoriais que conformaron a nova estrutura do sindicato, onde se analizou a situación actual, marcada polas eleccións xerais do pasado 26 de xuño.

Neste sentido, o Consello Confederal quixo expresar, en primeiro lugar, a súa felicitación á cidadanía deste país, polo cívico exercicio democrático mostrado nas urnas o pasado domingo, e ao Partido Popular por ser a forza política máis votada. Ademais, lamentou o alto grao de abstención resultante, superior ás eleccións do pasado mes de decembro, o que reflicte claramente a desilusión e a frustración da cidadanía do noso país, posiblemente provocada pola imposibilidade de formar un Goberno en seis meses, e a pesar dos graves e perentorios problemas que sofren as persoas.

Para UGT, o resultado das eleccións constata que os cidadáns votaron maioritariamente contra as políticas de austeridade e recorte impostas ata agora e a favor das 20 actuacións polo progreso e o benestar social propostas por UGT e CCOO. Actuacións que son fundamentais para facer fronte aos problemas deste país, e entre as que se atopan un plan de choque polo emprego, a derogación das reformas laborais e da reforma das pensións, o incremento do SMI e do conxunto dos salarios, a extensión do sistema de protección por desemprego, a creación dunha renda mínima para desempregados que non contan con outros ingresos ou un plan estratéxico para o desenvolvemento industrial.

O sindicato considera que os cidadáns e cidadás votaron maioritariamente aos partidos políticos que expresaran que sumían as #20 actuacións urxentes para o benestar social propostas por UGT e CCOO ás forzas que concorrían a estas eleccións.

Por esta razón, a Unión Xeral de Traballadores opina que o Executivo que salga do proceso de investidura ten que ter en conta ditas propostas como folia de ruta para afrontar os problemas da cidadanía. Os problemas laborais e sociais máis graves que ten o noso país, como son o desemprego, a desigual-



dade e a recuperación dos servizos públicos deben ser os obxectivos prioritarios do novo Goberno.

UGT considera que do resultado das urnas conclúese un Congreso dos Deputados fragmentado e sen que ningún partido político teña maioría suficiente para conformar goberno por si só. O sindicato entende que isto supón un claro mandato dos cidadáns para que as formacións políticas dialoguen e cheguen a un acordo para formar goberno.

UGT opina que, por outra banda, os problemas dos cidadáns son tan perentorios e de tal gravidade que non poden esperar máis. Por iso, o sindicato esixe aos partidos políticos establecer as negociacións necesarias de maneira inmediata co fin de conformar un Goberno canto antes.

O noso país vive unha grave situación económica e social, con case 5 millóns de persoas en desemprego, 1,7 millóns de fogares con todos os seus membros en paro, dos cales 700.000 está sen ingresos, e máis de 2 millóns de parados sen prestación por desemprego, polo que resulta imprescindible que se conforme de maneira inmediata un novo Executivo e os partidos políticos teñan en conta esta realidade.

UGT demanda xenerosidade e altura de miras ás formacións políticas co fin de que aparten ao carón as discusións polos cargos e os personalismos e céntrense nos problemas dos cidadáns canto antes, antepoñendo os intereses xerais por encima de calquera outro, mediante o diálogo e o consenso.

O sindicato pon de relevo que non hai que esquecer que en setembro hai que iniciar o desenvolvemento do proxecto de Orza-

mentos Xerais do Estado para o ano 2017 e é fundamental que o novo Goberno apoie un programa de cambio e de progreso, como votaron os cidadáns.

### O sindicalismo europeo, indispensable no reforzo dos dereitos dos traballadores ante o Brexit

O Consello Confederal de UGT considera que a decisión do pobo británico de abandonar a Unión Europea, o "Brexit", repercutiu no resultado das eleccións.

UGT respecta a decisión do pobo británico expresada democraticamente nas urnas, pero lamenta porque considera que repercutirá negativamente nos traballadores e traballadoras, ademais de provocar incerteza que pode derivar en novos problemas de recesión económica que finalmente volverán estes.

Por iso, sinala que o novo Goberno, xunto coas institucións políticas e económicas europeas, debe vixiar atentamente este proceso e velar porque non repercuta na economía do noso país, garantindo que non serán os traballadores, de novo, os que teñan que sufrir novos axustes e aseguren a competitividade e o investimento no noso país á conta de minguar a súa calidade de vida.

Neste contexto, o papel das organizacións sindicais maniféstase indispensable na defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras comunitarios e no reforzo do papel da Unión Europea, garantindo un cambio de políticas que posibiliten unha Europa máis social, xusta, equitativa, integradora e de progreso.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# MÁIS PRECARIIDADE, MENOS SALARIOS, MÁIS DESIGUALDADE

*As reformas laborais provocaron unha intensa desvalorización salarial*

**Redacción.-** A desvalorización salarial foi moi importante desde 2010, -así o confirman todas as estatísticas de salarios, segundo unha análise realizada por UGT-, e vai en consonancia coa degradación das condicións laborais impostas pola reforma dese mesmo ano e especialmente a de 2012. Esta situación, que se ceba nos traballadores e traballadoras con peores condicións laborais (temporais e a tempo parcial), está a lastrar a reactivación económica e empeorando a calidade de vida das familias. É imprescindible derrogar estas reformas e poñer en marcha con carácter urxente outra política: cambiar a austeridade por crecemento, os recortes por investimento produtivo e a precariedade laboral pola xeración de emprego de calidade.

A precariedade laboral en España está a estenderse, o que, xunto aos recortes aplicados desde 2010, está a xerar un país cada vez máis desigual. A austeridade cebouse con quen se atopa en peores condicións laborais e económicas; pero é que, ademais, este sector da poboación máis desfavorecido está crecendo. Hoxe España é un país máis pobre e desigual que hai seis anos, e os traballadores e traballadoras teñen menos garantías e dereitos, polas reformas laborais de 2010 e, sobre todo, de 2012, que supuxo unha ruptura co modelo laboral acordado desde os anos oitenta do pasado século de moi negativas consecuencias. A desvalorización salarial, o gran efecto desas reformas é indiscutible, e empobreceu aos asalariados do noso país, lastrando a reactivación e empeorando a calidade de vida das familias.

Os datos da Enquisa Cuatrienal de Estrutura Salarial publicada polo INE, xunto á análise da serie das Enquisas de Estrutura Salarial anuais (que son coherentes coa anterior) corroboran estas conclusións.

Os datos de 2014 mostran que a volta ao crecemento do PIB nese ano tivo un impacto positivo sobre algúns indicadores pero confirman á súa vez que ese crecemento por si só non será capaz de reducir as desigualdades e os niveis de pobreza de maneira nítida e que se necesitan medidas específicas para logralo, en dous ámbitos: mellorar a regulación do mercado laboral para reducir a precariedade e promover emprego de calidade e estender e mellorar as redes de protección social, moi danadas polas políticas do goberno do PP na pasada lexislatura. Sen iso, as desigualdades se enquistarán no noso país.



## España é un dos países máis desiguais de toda a Unión Europea

O índice de Gini (un indicador que ofrece un valor igual a 0 no caso dunha sociedade cunha distribución da renda totalmente igualitaria e 100 se a desigualdade é máxima) volveu crecer en 2014 a pesar do crecemento económico e situouse en 34,7. Son 2,5 puntos máis que en 2008 e sitúa a España como o sexto país máis desigual de toda a UE, tras Estonia, Letonia, Bulgaria, Lituania e Chipre.

A desvalorización salarial impulsada desde 2010 reflíctese ben nos datos. Desde entón e ata 2014 o salario medio estimado pola Enquisa só aumentou un 0,3%, o que supón unha práctica conxelación dos soldos en termos nominais, que unha vez descontado o aumento dos prezos nese período tradúcese nunha perda de poder de compra de 6,2 puntos porcentuais.

## Situación máis negativa en contratos temporais ou a tempo parcial

Esta evolución foi especialmente negativa no caso dos traballadores en peores condicións laborais, con contratos temporais ou a xornada parcial. Os salarios dos primeiros caeron desde 2010 un 6,1%, o que significa un 12,2% de perda de poder adquisitivo. Pola súa banda, o salario dos traballadores a xornada parcial reduciuse un 5,6% nominal, un 11,7% en termos reais. O salario medio dos traballadores con contrato temporal é un 36,6% ao dun traballador con contrato indefinido, e o dun traballador con contrato a tempo parcial un 63,7% menor que o que ten quen traballa a xornada completa. Estas diferenzas crecen continuamente desde 2008.

En canto á distribución salarial, a porcentaxe de traballadores con salarios inferiores ao SMI baixou tres décimas en 2014 respecto de 2013, pero aínda se atopa 4,1

puntos por encima do existente en 2008 (13% fronte a 8,9%). Se se amplía o intervalo ata quen cobra ata dúas veces o SMI, a porcentaxe de traballadores elévase ata o 45,1%, 1,8 puntos máis que en 2008. Isto supón que case a metade dos asalariados e asalariadas do noso país teñen retribucións que non superan os 18.300 euros brutos ao ano, uns 1.300 euros brutos ao mes (supoñendo catorce pagas ao ano), que unha vez descontadas as retencións do IRPF e as cotizacións á seguridade social, quedan en pouco menos de 1.100 euros mensuais netos. Esta é a triste realidade salarial do noso país tras seis anos de inxustas políticas de axuste e recortes. Medio país é case mileurista, como resultado dunha situación de subemprego xeneralizada (seis de cada dez traballadores a tempo parcial quere traballar a tempo completo e non pode) e duns salarios en continuo repregamento.

O salario medio reduciuse de 2010 a 2014 de maneira xeneralizada con independencia da antigüidade do traballador no seu posto de traballo, con excepción do caso (cada vez máis excepcional) de quen leva máis de trinta anos no seu posto de traballo, que aumentou (un 1,1%). A redución porcentual foi maio para quen leva menos tempo no posto de traballo, posto que en termos xerais son tamén quen posúe contratos máis precarios, temporais ou a tempo parcial involuntario.

En definitiva, todas as estatísticas de salarios mostran que a desvalorización salarial foi moi importante desde 2010, e que vai unida ao proceso de degradación das condicións laborais que impuxeron as reformas laborais de 2010 e, sobre todo, 2012. Por iso, é imprescindible derrogar ditas reformas e modificar a política económica practicada en España e en Europa, cambiando a austeridade por crecemento, os recortes por investimento produtivo, e a precariedade laboral pola xeración de emprego de calidade. Necesitase outra política económica con urxencia.

## UGT CONDENA O ATENTADO DE ISTAMBUL

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores expresa a súa rotunda condena polo atentado terrorista rexistrado no aeroporto internacional Atatürk de Istambul (Turquía), transmite a súa solidariedade aos familiares, amigos das vítimas e desexa a pronta recuperación das persoas feridas.

O sindicato reitera o compromiso do movemento sindical, no seu conxunto, e das traballadoras e traballadores aos que representa en contra do terrorismo e dos actos violentos, accións que non teñen cabida en ningunha sociedade democrática.



## PROFUNDAR NA FORMACIÓN A TRAVÉS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA MELLORARÁ AS CONDICIÓNS LABORAIS

**Redacción.-** O secretario de Formación de UGT, Sebastián Pacheco, demandou a necesidade de "promover a formación profesional na negociación colectiva, con articulados específicos nos convenios sectoriais e de empresa, vinculando a realización de cursos de formación para mellorar salarial e profesionalmente".

Sebastián Pacheco realizou estas declaracións na clausura da xornada de formación no sector da industria organizada pola Comisión Executiva Confederada de UGT, en colaboración coa Federación de Industria, Construción e Agro (UGT-FICA), onde sinalou que "se profundamos no tratamento da formación na negociación colectiva, conseguiremos mellorar as condicións laborais dos traballadores e aumentar a produtividade da empresa".

Durante o acto de clausura, Pacheco sinalou que ante o novo marco normativo nesta materia, aprobado hai uns meses, resulta imprescindible "fortalecer as institucións de representación en formación; ampliar, planificar e avaliar o abanico de actividades relacionadas con esta materia, para detectar as necesidades ou os criterios de selección dos participantes e entidades que imparten a formación; pro-

fundar no control das iniciativas de formación programadas pola empresa; e intensificar a difusión das iniciativas que se fagan nesta cuestión".

Ademais, "hai que promover a participación dos traballadores nos procesos de formación e, sobre todo, naqueles colectivos de maiores dificultades de acceso, como as mulleres ou os maiores de 45 anos".

O secretario de Formación de UGT tamén demandou unha maior implicación do movemento sindical europeo nesta materia, "participando na definición das necesidades en termos de emprego; promovendo a formación nos traballadores pouco cualificados; e implementando un permiso de formación remunerado para que os traballadores poidan mellorar as súas competencias".



Todo iso co obxectivo de que o traballador se desenvolva "profesional e persoalmente, para que non só se manteñan en disposición de permanecer no seu emprego, senón para mellorar as súas condicións laborais e salariais; e para que a empresa consiga aumentar a súa produtividade e proxectarse en cada sector".

**Programa de garantía xuvenil**

**Programa extraordinario de activación para o emprego**

**INFÓRMATE!**

Dirixete ás sedes de UGT  
ou en: <http://www.ugtg Galicia.org>

## MENOS POBOACIÓN EN ESPAÑA POLA FALTA DE EMPREGO, MENOR PROTECCIÓN SOCIAL E CALIDADE DE VIDA

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores denuncia que a perda de poboación en España está directamente relacionada coa ausencia de oportunidades de emprego, polo empeoramento das condicións de vida e protección social. A emigración exterior supuxo en 2015 unha perda de ao redor de 290.000 persoas en idade activa, algo que o Goberno obvia cando fala do descenso do desemprego. O sindicato insiste, unha vez máis, na necesidade de cambiar de políticas económicas que están a lastrar o presente e o futuro do noso país.

Segundo as estatísticas de Migracións do ano 2015 e Poboación de 2016 do Instituto Nacional de Estatística, España segue perdendo poboación. En xaneiro de 2012 o noso país chegou a ter 46.818.216 habitantes; en xaneiro de 2016, 46.438.422. Unha perda de poboación directamente relacionada coa ausencia de oportunidades de emprego e de vida digna neste país que empuxan á emigración, ao retorno aos países de orixe ou a probar sorte nun terceiro país.

Ao mesmo tempo, seguimos sendo un país que recibe inmigración, 343.614 persoas en 2015. Pero cun aumento da chegada desde o estranxeiro de persoas de nacionalidade española, 52.227 en 2015; pero deles, só 24.060 (o 46%) naceran en España. Unha das explicacións para este fluxo é a chegada de persoas que adquiriron a nacionalidade española por ser fillos ou netos de españois de orixe (desde Cuba chegaron 2.550 persoas nadas neste país e de Venezuela 5.983).

Pero o máis significativo, e maior que o volume de inmigración, segue sendo a emigración cara ao exterior, 352.003 persoas en 2015. Foi o ano 2013 no que se produciu o maior éxodo cara o exterior 532.303 persoas das que o 86'3% tiñan nacionalidade estranxeira. E segue sendo a poboación estranxeira a que representa o maior fluxo de saída, o 79'1% do total de emigrantes. Este efecto fuxida afecta por tanto a todas as nacionalidades pero especialmente á poboación estranxeira e a persoas de todas as idades, con consecuencias no presente, no futuro e no mercado de

traballo. A emigración exterior supuxo no ano 2015 unha perda de ao redor de 290.000 persoas en idade activa; perda que o Goberno obvia cando fala das cifras do paro e que explica o seu aparente descenso.

Por outra banda, o 17'3% do total de persoas que se marcharon tiñan entre 0 e 19 anos e o 46'9% máis de 35. Nin emigran só os mozos, nin este é o colectivo máis numeroso que ten que abandonar este país. En canto á emigración de nacionalidade española, 98.934 persoas, 64.136 naceran en España; o resto fundamentalmente son persoas que volven ao seu país de orixe ou que proban sorte nun terceiro.

Sexa cal sexa a nacionalidade de quen se marcha e o seu intervalo de idade supón unha descapitalización humana deste país, unha perda para o presente e para o futuro e o indicador de que a ausencia de emprego, de protección de imposibilidade de levar unha vida digna, son factores de expulsión de España.

## O NOVO PARLAMENTO DEBE DERROGAR O ARTIGO 315.3 DO CÓDIGO PENAL QUE CRIMINALIZA O DEREITO Á FOLGA E A LEI DE SEGURIDADE CIDADÁ, COÑECIDA COMO LEI MORDAZA

### UGT RECORRERÁ ANTE O TRIBUNAL DE ESTRASBURGO A SENTENZA AOS 5 DE ARCELOR

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, participou en Asturias nun acto de apoio en defensa dos 5 de traballadores de Arcelor Mittal, condenados a prisión por exercer o seu dereito a folga, xunto co secretario xeral de UGT-Asturias, Javier Fernández, e o secretario do sector Siderúrxico de UGT-FICA e portavoz dos cinco de Arcelor, Javier Villalta. Álvarez anunciou que UGT vai recorrer a sentenza ante o Tribunal de Estrasburgo.

Aínda que o caso dos 5 de Arcelor "non é un caso illado", pois hai 300 sindicalistas procesados, 89 deles de UGT, si é un exemplo do que está a ocorrer en relación coa criminalización do dereito de folga en España, en base á utilización do artigo 315.3 do Código penal.

A estes sindicalistas pedíasilles 21 anos de prisión, unha condena cualificada polo propio Comité de Empresa Europeo de Arcelor Mittal como "inxusta, desproporcionada e inconstitucional".

Acúsasilles dun delito contra os dereitos dos traballadores, en base ao artigo 315.3 do Código penal. A sentenza condena aos sin-

dicalistas José Luis Alonso Custa, Nefalí Casares García, Alberto Bernardo Villalta, José Ángel Álvarez Novo e Jerónimo Branco González a penas de tres anos e seis meses de prisión para cada un, e a estes dous últimos á pena dun ano e nove meses de prisión por un delito de lesións.

A Audiencia Provincial rebaixou a pena a 18 meses de multa, cunha cota diaria de 10 euros, e para dous deles a condena mantense en 1 ano e 9 meses de prisión e 70.000 euros de indemnización. Aínda que se recorreu ante o Tribunal Constitucional, este desestimouno. Por iso, UGT vai recorrer ante o Tribunal de Estrasburgo.

Doutra banda, UGT vai recorrer a sentenza do Xulgado do Penal de Xixón que condenou por falso testemuño as 4 testemuñas da defensa que verificaron a favor dos 5 de Arcelor a 6 meses de prisión e 500 euros de multa. Ademais, resulta estraño que o xuíz só lle dera verosimilitude á versión do denunciante e non deixase declarar a outras 10 testemuñas achegados pola defensa.

A xuízo de UGT, é unha sentenza desproporcionada porque a condena de cár-

cere para cada un dos imputados é unha decisión que pasa con creces as penas que a Fiscalía reclama para os responsables de delitos moito máis graves. Unha condena que non ten precedente algún na nosa democracia, habería que remontarse a tempos da ditadura franquista.

### O novo Parlamento debe derrogar o artigo 315.3 do Código penal e a Lei Mordaza

O secretario xeral de UGT fixo un chamamento aos partidos políticos para que acabem coa criminalización do dereito fundamental á folga e a Lei de Seguridade Cidadán, coñecida como Lei Mordaza, que persegue a protesta social, especialmente a aqueles que se comprometeron a iso, pois "hai unha maioría parlamentaria suficiente"

UGT xa denunciou, en reiteradas ocasións e ante diversos organismos nacionais e internacionais (a última vez, na 105ª Conferencia Internacional de Traballo da OIT) o ataque que se está producindo en España contra as liberdades cidadás e contra o movemento sindical.

## UGT ESIXE AO GOBERNO EN FUNCIÓNS QUE SE OPOÑA Á RATIFICACIÓN DO ACORDO DE LIBRE COMERCIO UE-CANADÁ

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, remitiu ao presidente do Goberno en funcións, así como aos ministros de Economía e Competitividade e de Asuntos Exteriores e Cooperación, tamén en funcións, senllas cartas instándolles a opoñerse en nome do Estado español á previsible ratificación do Acordo Integral de Economía e Comercio entre a Unión Europea e Canadá (CETA) na próxima reunión do Consello Europeo de Comercio do 5 de xullo.

Na misiva, o secretario xeral de UGT manifesta a preocupación do Sindicato, do mesmo xeito que fixeron outras moitas organizacións da sociedade civil e gobernos rexionais da Unión Europea e Canadá, pola ausencia no acordo dunha protección adecuada para os servizos públicos, normas laborais, toma de decisións democráticas, etc”

Tendo en conta que ata o 19 de xullo non se constituirán as novas Cortes Xerais xurdidas das eleccións do 26 de xuño, a única posibilidade de oposición por parte do Estado español á ratificación deste Acordo por parte do Consello Europeo do 5 de xullo corresponde ao Goberno en funcións. Por esa razón, o secretario xeral de UGT insta a non ratificar o CETA e a realizar unha avaliación completa do seu impacto en cada Estado membro da UE. O Sindicato considera que o Consello Europeo debería votar sobre o acordo por unanimidade, seguindo o establecido no artigo 207

(4.b) do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, dado que o CETA corre o risco de socavar as responsabilidades dos estados da Unión na organización e xestión de servizos tan fundamentais como a sanidade, o ensino, ou os servizos sociais.

Aínda que o Acordo Transatlántico de Comercio e Investimentos con EEUU (TTIP) é máis coñecido, UGT considera que o CETA inclúe algúns elementos máis perniciosos, e ademais “tendo en conta a existencia do NAFTA (tratado de libre comercio entre EEUU, Canadá e México que habilita ás empresa norteamericanas a operar en Europa vía CETA)- e que as autoridades comunitarias precharon xa a fase de negociación e iniciado a revisión xurídica, é necesario actuar fronte a el de forma inmediata.

En relación co seu contido, é especialmente relevante o tratamento inadecuado que se dá aos servizos públicos, que non están protexidos fronte á privatización. Como Álvarez sinala na carta “O enfoque de “lista negativa” tomado no acordo significa que calquera servizo que non estea explicitamente declarado como tal na entrada en vigor do acordo quedará exposto a unha futura liberalización. Este perigo acrecéntase polos mecanismos de trinquete (ratchet) e



punto morto (standstill), que constitúen unha ameaza para impedir que o futuro goberno reverta á titularidade e xestión públicas os servizos anteriormente privatizados”.

O CETA inclúe tamén o chamado ICS, Sistema Xudicial de Investimento, que non só se traducirá nun aumento dos custos para os gobernos que tenten poñer en marcha cambios normativos, senón que tamén terá un efecto paralizante porque terán menos posibilidades de adoptar políticas destinadas ao benestar da cidadanía, ou á protección ambiental, por exemplo, polo temor a que se desencadeen procesos xudiciais custosos.

En canto á protección dos dereitos laborais dos traballadores, as disposicións do CETA son extraordinariamente débiles, o que afectará negativamente o emprego e os salarios dos traballadores europeos.

## UGT REIVINDICA NUN DECÁLOGO DE MEDIDAS IGUALDADE E RESPECTO Á DIVERSIDADE PARA O COLECTIVO LGTBI

**Redacción.-** Con motivo do Día Mundial do Orgullo LGTBI, que se celebrou o 28 de xuño, a Unión Xeral de Traballadores elaborou un decálogo de reivindicacións no que reclama, entre outras cuestións, maior visibilidade para este colectivo, mediante medidas que plasmen a realidade social; máis igualdade social, laboral e de trato e oportunidades e menos discriminacións; e máis educación en igualdade e respecto cara á diversidade sexual, co obxectivo de superar prexuízos e discriminacións e favorecer a integración deste colectivo en todos os estamentos da sociedade.

1- A visibilidade de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais. 2- Esiximos medidas legais e económicas que plasmen

esta realidade como concepción progresista da sociedade. 3- Educar desde a infancia cara á igualdade afectivo-sexual e no respecto á diversidade de todas as orientacións sexuais. 4- Diriximos o noso labor sindical á promoción da igualdade e a eliminación de discriminacións directas e indirectas por orientación sexual e identidade de xénero, actuando nos centros de traballo para combater a LGTBIfobia e erradicar todo tipo de acoso e discriminación. 5- Considerar no ámbito laboral á LGTBIfobia como risco psicosocial e con iso garantir o establecemento de actuacións para previr o acoso laboral por identidade e orientación sexual. 6- A igualdade e non discriminación independentemente da orientación sexual da persoa, debe ser unha constante na carreira laboral,

nos procesos de selección, contratación, condicións de traballo, clasificación profesional, formación, promoción profesional e remuneración salarial. 7- Reivindicamos no marco do diálogo social un compromiso de actuación e intervención, xa que este é fundamental no logro de políticas inclusivas e de non discriminación por razón da orientación e identidade sexual. 8- Esiximos un Plan de Acción contra a homofobia e a transfobia que coordine as actuacións das distintas administracións autonómicas. 9- A atención integral ás persoas transexuais por parte da sanidade pública. 10- Priorizamos a defensa do dereito á igualdade de trato e oportunidades que garanta a súa igualdade tanto nos ámbitos público e privado.

## OS TRABALLADORES DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR DEMANDAN A SÚA HOMOLOGACIÓN CO PERSOAL DA XUNTA



**Redacción.-** Os traballadores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar mobilizáronse, unha vez máis, o pasado martes en Santiago para demandar a súa homologación co resto dos empregados públicos da Xunta.

Logo de ter aprobada a Lei de ordeación e funcionamento da Administración xeral da Xunta, logo de ter apro-

bado o decreto de creación da Axencia galega de servizos sociais, agora a Xunta debería clarificar as intencións que ten de futuro para o persoal que presta servizos no Consorcio.

Dende FeSP réclámase a equiparación de dereitos laborais e salariais co resto do persoal laboral da Xunta, a apertura de listaxes e agarda e sistema transparente público das mesmas.

## UGT-Xustiza denuncia a paralización de todos os servizos xudiciais de Santiago durante catro días

**Redacción.-** FeSP-Xustiza-UGT denuncia que todos os servizos xudiciais de Santiago de Compostela: xulgados, Fiscalía, rexistro civil, servizo común de notificacións, servizo de atención ao cidadán, servizo de rexistro e repartición, Instituto de Medicina Legal de Galicia e a Sección Sexta da Audiencia Provincial con sede en Santiago permaneceron totalmente inactivos desde as 8 da mañá do xoves da semana pasada ata o luns 27 de xuño, debido a unha avaría informática que a Xunta foi incapaz de afrontar coa urxencia necesaria.

UGT-Xustiza denuncia que o Centro de Atención ao Usuario, a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Xunta non foron capaces de dar resposta durante catro días a unha avaría informática que provocou a parálise total da Xustiza en Santiago de Compostela e en todos os partidos xudiciais que dependen do seu servidor como Ribeira, Padrón ou Fonsagrada, entre outros, e cuxos traballadores se viron abocados a cruzarse de brazos ante a imposibilidade de realizar actuación algunha.

## CONCENTRACIÓN DOS TRABALLADORES DO BBVA CONTRA OS DESPEDIMENTOS ARBITRARIOS NA ENTIDADE

**Redacción.-** A Sección sindical de UGT no BBVA, xunto cos outros sindicatos con representación na entidade, convocaron o pasado luns fronte á sede do banco en A Coruña, do mesmo xeito que se fixo no resto das comunidades autónomas, unha concentración como símbolo de denuncia polos despedimentos arbitrarios impulsados dende a dirección.




UGT-BBVA denuncia a creación unilateral por parte da entidade do “pool de baixo desempeño” sen a participación das organizacións sindicais.

O Sindicato considera que a situación do negocio non se vai solucionar facendo deixación dos dereitos dos traballadores recollidos no convenio colectivo e nos pactos laborais, así como, amedrentando aos

cadros de persoal co despedimento de 14 persoas distribuídas por todas as direccións territoriais do país.

Dende UGT-BBVA estase a promover unha acción común entre todos os sindicatos con presenza no banco reclamando que se respecte a profesionalidade dos traballadores e que os plans de formación e reciclase sexan tratados cos sindicatos.



## UGT gaña con maioría absoluta as eleccións en Cliner

**Redacción.-** UGT ven de gañar, con maioría absoluta, as eleccións sindicais na empresa Cliner, concretamente entre os traballadores da provincia de A Coruña.

Así, UGT obtivo cinco delegados, dos nove que se elixían, os outros catro foron para o sindicato USO. Hai catro anos UGT mantiña esta mesma representación, USO tiña tres e un a CIG.

Dende FES-Coruña destacan que xa é a sétima convocatoria na que UGT ratifica a súa maioría absoluta nesta empresa na provincia de A Coruña.

Ademais, dende o Sindicato quere agradecérselle aos traballadores a confianza depositada, tanto no proxecto de futuro que se presenta como nas tarefas desenvolvidas nestes últimos anos.